



## **INDICE**

INTRODUCCIÓN

OBXECTIVOS REFERIDOS AO ALUMNADO E GRUPO CLASE

OBXECTIVOS REFERIDOS ÁS FAMILIAS

OBXECTIVOS REFERIDOS AOS EQUIPOS EDUCATIVOS

## INTRODUCCIÓN

A acción titorial está intrinsecamente vinculada á función docente. A titoría convértese no eixo da función orientadora, ao entender a orientación como o acompañamento e o asesoramento do alumnado ao longo do período escolar como un proceso continuo e dirixido ao desenvolvemento integral de todo o alumnado e a todos os niveis.

A persoa orientadora deberá prestar ao correcto desenvolvemento da función titorial.

## OBXECTIVOS REFERIDOS AO ALUMNADO E AO GRUPO CLASE

Obxectivos para Educación Infantil:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A titoría en Ed. Infantil desenvolverase nas seguintes áreas de traballo:

- a) Desenvolvemento persoal e social:
  - Desenvolvemento emocional.
  - Estimulación precoz.
  - Optimizar o desenvolvemento da madurez de aprendizaxe e o nivel de competencia do alumnado.
  - Desenvolvemento do autoconhecimento e da autoestima adecuada.
  - Desenvolvemento das relacións sociais –con adultos, entre iguais, especialmente durante o período de adaptación.
- b) Proceso de ensino-aprendizaxe:
  - Deteción precoz para identificar o risco de cada alumno respecto das dificultades de aprendizaxe e a súa tipoloxía.
  - Desenvolvemento das habilidades de aprendizaxe.
  - Aproximación á aprendizaxe temperá da lectoescritura,
- c) Desenvolvemento sanitario:
  - Educación para a saúde (alimentación, actividade física, relaxación,....)

Para realizar unha mellor acollida do alumnado novo, no mes de xuño/xullo convócanse ás familias para unha reunión informativa e orientadora.

## Objetivos para Educación Primaria:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A titoría en Ed. Primaria desenvolverase nas seguintes áreas de traballo:

“Ensinar a ser persoa”

- a) Educar os alumnos na convivencia democrática e participativa.
- b) Favorecer o desenvolvemento moral e a adquisición de valores.
- c) Ensinarlle a aceptar a súa propia identidade e favorecer a súa autoestima.
- d) Tolerar, respectar e valorar as diferenzas individuais.
- e) Desenvolver actitudes positivas e de responsabilidade persoal.

“Ensinar a convivir”

- a) Favorecer a integración do alumnado no seu grupo e na vida do centro, fomentando actitudes participativas.
- b) Respetar as normas de convivencia, aos compañeiros, ao profesorado, etc.
- c) Fomentar a cooperación, a solidariedade, o traballo en grupo.
- d) Establecer relacións fluídas entre os pais e o centro, o que influirá positivamente no rendemento dos alumnos.

**“Ensinar a pensar”**

- a) Adquirir estratexias que favorezan o proceso de ensino-aprendizaxe.
- b) Ensinarlle a organizar o seu tempo de estudo.
- c) Autoavaliación: reflexionar sobre os seus propios erros e aprender deles para ser corrixidos.
- d) Desenvolver un xuízo crítico e razonado do seu traballo.

**“Ensinar a través da educación en valores”**

- a) Educar aos alumnos na convivencia democrática e participativa.
- b) Favorecer o desenvolvemento integral da persoa no grupo e no medio en que vive.
- c) Desenvolver actitudes de solidariedade e cooperación ante os problemas sociais.
- e) Fomentar actitudes e hábitos relacionados coa saúde.

**OBXECTIVOS REFERIDOS ÁS FAMILIAS**

- a) Potenciar as relacións fluídas entre o centro e as familias.
- b) Fomentar a participación das nais e pais e implicalos no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos.
- c) Colaborar coas nais e pais na súa labor educativa.
- d) Sensibilizar ás nais e pais sobre as súas responsabilidades en relación coa escolarización, especialmente no cambio de etapas.
- e) Informarlles da evolución e rendemento académico dos seus fillos e fillas, así coma das dificultades que presentan e a maneira de superalas.

**OBXECTIVOS REFERIDOS AOS EQUIPOS EDUCATIVOS.**

- a) Participar na elaboración e avaliación do PAT.
- b) Coordinar os procesos de avaliación e información ao alumnado e ás familias.
- c) Coordinar as funcións de titoría do alumnado do grupo recollidas na lexislación vixente.
- d) Dar apoio humano e/ou material para solucionar dificultades que se presenten nos procesos de ensino- aprendizaxe.

**Funcións dos titores:**

Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.
- b) Proporcionar no principio de curso, ós alumnos e ós pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñece-las características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios.

- f) Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
- g) Facilita-la integración do alumnado no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro.
- h) Orienta-los alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informa-lo equipo de profesores do grupo de alumnos das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- l) Coordina-lo axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- m) De se-lo caso, organizar e presidi-las sesións de avaliación.
- n) Coordina-lo proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adopta-la decisión que proceda referente á promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo de audiencia dos seus pais ou titores legais.
- ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- o) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- p) Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- q) Orienta-las demandas e inquedanzas dos alumnos e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- r) Informa-los alumnos do grupo, os pais e os profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención ós aspectos e medidas tendentes a facilita-la competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- s) Facilita-la cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
- t) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- u) Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.
- v) Controla-la falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados os pais ou titores e o xefe de estudos.
- x) Fomenta-la colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- z) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.